



MONUMENTO AOS
GALEÓNS DE RANDE




Estas tres áncoras pertenceron a algúns dos galeóns que se afundiron durante a Batalla de Rande. Están situadas no punto máis alto da cidade, o monte do Castro, porque desde aquí podemos ver o lugar onde se produciu o enfrontamento.

VIGO

UN MAR DE LENDAS

VIGO

UN MAR DE LENDAS



Plan de competitividade turística de Vigo, turismo urbano e de ría






TESOUROS OCULTOS DA BATALLA DE RANDE

Xusto debaixo da ponte que une as dúas beiras da Ría de Vigo agóchanse tesouros increíbles que se perderon nunha loita encarnizada no mar, onde galeóns españois axudados polos franceses defendían o ouro traído de América. Fronte a eles, as tropas inglesas e holandesas buscaban o botín, que rematou no fondo do mar. Co tempo apareceron obxectos desa batalla como áncoras e canóns pero o ouro e a prata que cargaban os barcos permanece agochado nestas augas dentro dos barcos afundidos...



VERNE

Jules Verne foi un escritor francés que imaxinou inventos que non existían. Visitou Vigo, onde arranxou o seu barco. Nunha das súas obras, *20.000 leguas baixo os mares*, lembra a Batalla de Rande. Nun momento da novela leva ao protagonista da historia, o capitán Nemo, até a zona onde se agochan os tesouros e conta como uns submarinistas introducen no Nautilus (o submarino de Nemo) varios lingotes de ouro e prata.



Antonio Sanjurjo Badía foi un inventor vigués que se fixo amigo de Verne despois de que o escritor, nunha das súas viaxes a Vigo, reparase o seu iate no taller de Sanjurjo.

No seu taller naval tiña unha grande piscina cunha parede transparente onde observaba e estudaba os movementos das aletas de distintos peixes para utilizalos na construción do seu somerxible. Se o queres coñecer só tes que ir visitar o Museo do Mar de Galicia.

SOMERXIBLE SANJURJO

